

ata a súa derogación ou modificación expresa. Os 4 concelleiros do PP abstivérонse.

O texto da ordenanza figura no expediente obrante na Secretaría municipal.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIOTORTO.

Artigo 1: NATUREZA E FUNDAMENTACIÓN

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co 41 do Real Decreto 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servicio público municipal de axuda no fogar, cunha prestación que ven establecida na regulamentación do mesmo aprobada polo Pleno do Concello.

Artigo 2: SUXEITOS PASIVOS

Están obrigados/as ao pagamento deste prezo público, todas as persoas físicas que, conforme a ordenanza xeral do Concello de Riotorto reguladora do SAF, sexan beneficiarias dos servizos prestados.

Artigo 3: CUSTO DO SERVIZO

O custo por hora de prestación do servizo establecese en doce euros/hora, e estará suxeito á revisión anual.

Artigo 4: APORTACIÓN DA PERSOA USUARIA

As persoas usuarias deberán contribuir ao financiamento do servizo de axuda a domicilio en función da súa capacidade económica.

Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas conviventes económicamente dependentes.

A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con deducción das cargas e gravames que

RIOTORTO

Anuncio

Habéndose elevado a definitivo por non haberse presentado reclamacións durante a exposición pública, o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 05/06/08 transcríbese a continuación xunto coa ordenanza.

4.- ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, APROBACIÓN, SE PROcede.

Por Secretaría de orde da Presidencia deuse conta o Pleno do estado do expediente instruído para a aprobación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

Vista a proposta da Alcaldía na que se sinala"

1. Que se aprube inicialmente a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Riotorto.

2. Expoñer a citada ordenanza o público por un período de 30 días hábiles mediante anuncios insertos no BOP e no taboleiro de anuncios para a presentación de reclamacións ou suxerencias, dándose audiencia durante o citado prazo aos interesados. As reclamacións e suxerencias serán resoltas polo Pleno.

3. En caso de non presentarse reclamacións ou suxerencias entenderase aprobado o acordo ata entón provisional e en consecuencia aprobada definitivamente a ordenanza.

Considerando que o expediente consta co informe favorable de Secretaría.

O Pleno co voto favorable dos 3 concelleiros do BNG, da concelleira de TEGA e do concelleiro do PSOE acordan aprobar a proposta da Alcaldía citada, así como que a ordenanza entre en vigor unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 02 de abril, permanecendo en vigor

diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual en que se presete o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. No caso de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

A capacidade económica por razón de renda determinase dividindo a renda ou rendas computables entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores der endas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen económicamente dos citados preceptores.

A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo co disposto más arriba, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal disponible ou pensión coñecida.

No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 100% e o 150% do IPREM asumirán un 10% do custo do servizo.

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 150% e o 200% do IPREM asumirán un 12% do custo do servizo.

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 200% e o 250% do IPREM asumirán un 15% do custo do servizo.

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 250% e o 300% do IPREM asumirán un 20% do custo do servizo.

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 300% e o 350% do IPREM asumirán un 28% do custo do servizo.

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 350% e o 400% do IPREM asumirán un 37% do custo do servizo.

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 400% e o 450% do IPREM asumirán un 45% do custo do servizo.

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 450% e o 500% do IPREM asumirán un 60% do custo do servizo.

As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 500% do IPREM asumirán un 65% do custo do servizo.

Sen prexuízo do anterior, poderán preverse excepcións aos criterios xerais nos casos en que a problemática principal atendida sexa a desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concepción do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

A obriga de pagamento nace desde o momento en que se inicie a prestación do servizo. A achega realizaarse a mes vencido a través de domiciliación bancaria.

ARTIGO 5. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados internacionais.

ARTIGO 6. OBRIGA DE PAGAMENTO

A obriga de pago nace desde a data de alta efectiva do usuario no SAF. Os pagos efectuaranse por meses vencidos, dentro os 15 primeiros días do mes seguinte. O procedemento de cobro será o que determinen os órganos competentes do Concello.

ARTIGO 7. INFRACCIONES E SANCIÓNIS

En todo o relativo a cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse o réxime establecido na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O prezo público que se debe liquidar pola prestación do SAF será modificado anualmente, cando proceda, en función das modificacións que sufra o custo real do mesmo. Se non se modifica a presente regulación, continuarán sendo de aplicación os parámetros establecidos para o exercicio 2009.

DISPOSICIÓN FINAL

Está ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación polo Pleno.

Riotorto, 28 de xullo de 2009.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoia.

Anuncio

Habéndose elevado a definitivo por non haberse presentado reclamacións durante a exposición pública, o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 05/06/08 transcríbese a continuación xunto coa ordenanza.

3.-ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, APROBACIÓN, SE PROCEDE.

Por Secretaría de orde da Presidencia deuse conta o Pleno do estado do expediente instruído para a aprobación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar.

Vista a proposta da Alcaldía na que se sinala"

1. Que se aprube a ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Riotorto.

2. Expoñer a citada Ordenanza o público por un período de 30 días hábiles mediante anuncios insertos no BOP e no taboleiro de anuncios para a presentación de reclamacións ou suxerencias, dándose audiencia durante o citado prazo aos interesados. As reclamacións e suxerencias serán resoltas polo Pleno.

3. En caso de non presentarse reclamacións ou suxerencias entenderase aprobado o acordo ata entón provisional e en consecuencia aprobada definitivamente a ordenanza."

Considerando que o expediente consta co informe favorable de Secretaría.

Aberto o turno de deliberacións pola Presidencia, pola 1^a tenente Alcalde dona María Bonia Martínez Irimia manifestase "sómétense a aprobación do Pleno estas 2 ordenanzas que regulan o servizo de axuda a domicilio para dar cumprimento o disposto na orde de 22/01/09 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Na ordenanza que regula o servizo de axuda no fogar establecese entre outras cousas quenes serán os beneficiarios, prestacións, a intensidade na prestación do servizo, os dereitos e deberes dos usuarios, o procedemento para o acceso o servizo. A ordenanza que regula o prezo público establece as cantidades que deberán pagar os usuarios do mesmo incluídos os que accedan pola lei da dependencia. Algunxs usuarios estarán exentos polo pago do servizo e os demás pagarán cantidades moi pequenas. O IPREM é o factor a ter en conta."

Polo portavoz do PP don José López Cabodevila, manifestase: " Nos vamos absternos. Xa no seu día quíxose cobrar por estes servizos e estas medidas non tiveron moito apoio, non tiveron comprensión polos veciños, polos usuarios do servizo."

Pola concelleira dona María Bonia Martínez Irimia, manifestase: "E obligatorio cobrar pola prestación destes servizos. Establécense as cantidades mínimas a cobrar segundo a orde de 22/01/09. Regulamos o ser-

vizo e o pago pola súa prestación de igual maneira que a maioría dos Concellos."

Polo Sr. Alcalde, manifestase "é positivo ordear este servizo, regular o acceso o mesmo, a súa prestación, as cantidades a pagar por ser beneficiarios do mesmo. Temos que recoñecer que o servicio está un pouco viciado e hai que mirar que se preste as persoas que realmente o necesitan. Calquera pode pagar as cantidades que se establecen na ordenanza."

Pechado o turno de deliberacións o Pleno co voto favorable dos 3 concelleiros do BNG, da concelleira de TEGA e do concelleiro do PSOE acordan aprobar a proposta da Alcaldía citada, así como que a ordenanza entre en vigor unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 02 de abril, permanecendo en vigor ata a súa derrogación ou modificación expresa. Os 4 concelleiros do PP abstivérónse.

O texto da ordenanza figura no expediente obrante na Secretaría municipal.

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIOTORTO

ARTIGO 1.- OBXECTO E FUNDAMENTO.-

O obxecto desta ordenanza é regula-lo Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Riotorto, en cumplimento do disposto na Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar na Comunidade Autónoma de Galicia.

ARTIGO 2.- CONCEPTO.-

O programa de axuda no fogar trata de prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar, sendo os seus obxectivos mellorar a calidade de vida das persoas usuarias, posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual, favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio, manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social, previr situacións de dependencia ou exclusión social, retardar ou evitar a institucionalización e reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

ARTIGO 3.- PRESTACIONES.-

A variedade de prestacións que se ofrecen dende o servizo de axuda a domicilio concretaranse nas seguintes atencións, tendo en conta que sempre terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediata, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoyo no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.

- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.

- Apoyo para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.

- Apoyo a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividadeis da vida diaria:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas e tratamentos.

- Apoyo na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

- Preparación dos alimentos.

- Lavado e coidado das prendas de vestir.

- Coidados básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio, como é o caso do programa xantar na casa.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo:

- Intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunitade así como á mellora da estruturación familiar.

e) Atencións de carácter complementario:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimiento, teleasistencia e similares.

- Adaptacións funcionais no fogar.

- Servizo de podoloxía.

- Servizo de fisioterapia.

f) Atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que,

de acordo coa prescripción técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

ARTIGO 4.- BENEFICIARIOS.-

Poden ser beneficiarios do servizo de axuda no fogar todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supóna un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas mayores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

Terán prioridade no acceso ao servizo as persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

ARTIGO 5.- MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO.

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais de atención primaria, de acordo coas seguintes modalidades:

a) Acceso directo.

O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

b) Réxime de libre concorrencia.-

Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescripción técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria, resolverase en réxime de libre concorrencia de ae acordo cos criterios establecidos na normativa reguladora do programa e do disposto nesta ordenanza.

ARTIGO 6.- INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO.-

O tempo de atención individual, que en todo caso estará condicionado á dispoñibilidade de recursos do

servizo, determinarase pola necesidade que se xustifique en cada solicitude, sendo sempre un número máximo de dúas horas ó día, no réxime de libre concorrenza.

Para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, a intensidade do servizo de axuda no fogar estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria todos os días da semana.

ARTIGO 7.- PERSONAL.

O servizo estará coordinado por persoal técnico cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoa técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003 do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1.379/2008 do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socio-culturais á comunidade.

ARTIGO 8.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

O servizo de axuda a domicilio será prestado polo Concello de Riotorto, ben de oficio ou a instancia particular. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do concello, no modelo oficial aprobado.

Ademáis da solicitude, o interesado deberá achegar a seguinte documentación:

a) DNI, tarxeta de residencia ou pasaporte, do solicitante, dos beneficiarios do servizo e das persoas que conviven no mesmo domicilio.

- b) Certificado de empadroamento e de convivencia.
- c) Cartilla da Seguridade Social, tarxeta sanitaria ou seguro que lle corresponda, da persoa beneficiaria do servizo.

d) Informes médicos dos beneficiarios.

e) Xustificantes de ingresos das persoas con rendas computables (usuário e cónxuge ou parella de feito ou persoas económicamente dependentes): copia das declaracions da renda ou certificados negativos, xustificantes de pensións, prestacións, rendas de traballo, etc., certificado de xuros bancarios, recibos de contribución, declaración sobre percepcións de alugueiros e outros ingresos complementarios, recibos de pagamento de alugueiros, etc.

f) Calquera outro documento que os responsables dos servizos sociais estimen oportuno.

ARTIGO 9.- PROCEDIMENTO.

As solicitudes formalizaranse por escrito, a través dunha instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación Municipal, achegando a documentación sinalada no artigo anterior.

Unha vez formalizada a solicitude coa documentación correspondente, o técnico que coordina o servizo comprobará os datos achegados e procederá ao estudo segundo os baremos correspondentes, emitindo un informe coa valoración profesional. O expediente xunto co informe e a proposta serán remitidos á Alcaldía ou órgano en quen delegue, quen debe adoptar unha resolución que se lle comunicará ó interesado e que especificará a intervención e a achega económica, se procede. As condicións da prestación do servizo formalizaranse por escrito mediante contrato entre o concello e o usuario. O contrato axustarase ó modelo aprobado.

Poderá tamén concederse o servizo de axuda a domicilio con carácter urxente, sendo o Alcalde ou concelleiro/a delegado/a quen decida sobre a concesión ou denegación do servizo, dando conta na próxima Xunta de Goberno que se realice.

En caso de saturación do servizo, a solicitude pasará a unha lista de espera accedendo á prestación por orde de puntuación, exceptuando as situacions coa valoración de urxencia.

ARTIGO 10.- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS.

As persoas usuarias do servizo terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.

2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.

3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.

4. A coñeceren a situación do seu expediente.

5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.

6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.

7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

ARTIGO 11.-DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS.-

As persoas usuarias terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poniendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.

2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidade e nos termos acordados en cada caso.

3. Facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.

4. Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

5. Informar dos cambios e de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidde económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidense dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.

6. Participar no pagamento do servizo nos termos que se establecen nesta ordenanza.

7. Comunicar, en circunstancias ordinarias e prevísibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que pudiese impedir a prestación do servizo.

ARTIGO 12.- CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO.-

Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

a) A renuncia da persoa usuaria.

b) O cambio de programa individual de atención ou

do proxectos de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

c) Traslado definitivo da súa residencia a outro Concello.

d) Falecemento da persoa usuaria.

e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

f) Falta reiterada no pagamento do servizo.

g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe.

ARTIGO 13.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO.

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio. Neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo. Poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias cauante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

ARTIGO 14.- PREZOS POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO.-

O prezo do servizo estará regulado pola "Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola Prestación do Servicio de Axuda no Fogar".

DISPOSICIÓN FINAL

Está ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación polo Pleno.

ANEXO I

**BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA
NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCEIA**
(Modalidade de prestación básica de servizos sociais de atención primaria)

FACTOR 1: AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 40 puntos)

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que, polo calendario oficial de implantación, teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrencia.

A asignación de valor en función do factor autonomía persoal realizarse de acordo coa seguinte táboa:

Táboa de equivalencias para a valoración do nivel de autonomía persoal									
De 33% a 64% de discapacidade	De 65% a 74% de discapacidade	75%-100%		81%-87%		88%-93%		94%-100%	Grao de discapacidade en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD
		75%-100% discapacidade e ata 14 pts. ATP		75%-100% discapacidade e 15-29 pts. ATP		75%-100% discapacidade e 30-44 pts. ATP		75%-100% discapacidade e 45-72 pts. ATP	
		75% discapacidade e ata 24 pts. BVD	25-39 pts. BVD	40-49 pts. BVD	50-64 pts. BVD	65-74 pts. BVD	75-89 pts. BVD	90-100 pts. BVD	
5 pts.	10 pts.	14 pts.	20 pts.	24 pts.	30 pts.	32 pts.	38 pts.	40 pts.	Puntuación Nivel de autonomía persoal

Puntos

Total puntos autonomía persoal	
--------------------------------	--

FACTOR 2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)**Puntos**

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos)

A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno vecinal ou outras redes (18 puntos)

A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):

- Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos)
- Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos)
- Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos)
- Con incapacidade para organizarse (3 puntos)

Os familiares néganse a atendelo/a áinda que teñan posibilidades (8 puntos)

Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo Concello ou a menos de 20 kms (5 puntos)

Está ben atendido (0 puntos)

Puntos

Total puntos apoio social	
---------------------------	--

FACTOR 3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACION MENORES (máximo total 20 puntos)

Puntos
3.1. Conflicto (máximo total 4 puntos)
Cun membro xerador de conflicto de nivel moderado (1 punto)
Cun membro xerador de conflicto de nivel grave (2 puntos)
Con máis dun membro xerador de conflicto de nivel moderado (3 puntos)
Con máis dun membro xerador de conflicto de nivel grave (4 puntos)
3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)
Familias en que ambos os proxenitores ou tutores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención ós menores (2 puntos)
3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada ...) non poidan atender aos menores (2 puntos)
3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administración de orzamento, ausencia de roles, organización ...) (2 puntos)
3.5 Número de menores (máximo total 10 puntos)
Un menor (3 puntos)
Dous menores (5 puntos)
Tres menores (7 puntos)
Catro ou máis menores (10 puntos)

Puntos
Total puntos situación familiar/socialización menores

FACTOR 4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)

Puntos
4.1. Vivenda (total 10 puntos)
Non hai luz eléctrica (1 punto)
Non hai auga corrente (1 punto)
Non posúe WC (1 punto)
Non posúe cuarto de baño completo (1 punto)
Non ten neveira (1 punto)
Non ten quentador (1 punto)
Non ten lavadora (1 punto)
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto)
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto)
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto)
4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)
Situación de illamento ou de rexacemento (10 puntos)
Ausencia de relacións sociais (6 puntos)
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)
Integración axeitada no contorno (0 puntos)

Puntos
Total puntos outros aspectos sociais

Puntos
Total xeral

ANEXO II
Servizo de axuda no fogar
Proxecto de Intervención

1. Datos de identificación do expediente.

Expediente (1)	Intervención nº (2)	Data de solicitude	Data de inicio
Sector de referencia (3)		Ambito de atención (3)	Nº total de usuarios
Nome e apelidos	Data de nacemento	DNI	Sexo
Proxecto		Data do proxecto	Data fin de proxecto

Antecedentes relevantes:

2. Atención que se prestará.

Días da semana

L	M	X	J	V	S	D		Nº de horas semanais		Horario

Tipo de servizo a prestar:

- (1) Identificación do expediente en SIUSS.
- (2) Número de orde desta intervención en relación coa realizadas no expediente.
- (3) Tipoloxía SIUSS.
- (4) Pódese empregar a tipoloxía SIUSS.

3. Existencia doutros servizos/apoios prestados a domicilio.

Existencia:

Servizos/apoios:

Nº de horas semanais:

4. Obxectivos específicos e tarefas que se proponen.

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas que se realizarán:

5. Periodicidade do seguimento (mínimo bimensual).

Técnico responsable:

Asdo.:

ANEXO III
Servizo de axuda no fogar
Acordo de servizo

Reunidos en o día dunha pare don/dona
..... con DNI

E doutra, en calidad de técnico responsable do servizo de axuda no fogar de

ACORDAN

1. Que o Concello de Riotorto prestará o servizo de axuda no fogar (SAF), á persoa arriba citada, desde o día do de 2009.

2. Que a prestación do servizo de axuda no fogar se realizará por un prazo de, con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do Departamento de Servizos Sociais.

3. Que o SAF se levará a cabo os días da semana, en horario de,; por un total de horas semanais.

4. Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a achegar euros mensuais como contribución ao custo do servizo.

5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto 4, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

.....
.....
.....
.....

7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán as seguintes:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

8. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:

.....
.....
.....
.....
.....

9. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

10. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

Ambas as partes dan a súa conformidade a este acordo de prestación do SAF e asínao.

Riotorto, de de 20....

A persoa usuaria

O técnico responsable

RIOTORTO*Anuncio*

No BOP nº 180 de data 07 de agosto publicouse a exposición pública da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar.

Debido a un erro na mencionada publicación, transcríbese a continuación dita corrección:

No primeiro parágrafo donde dice "o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 05/06/08" debe decir "o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 05/06/09"

Engadimos o anexo IV que non foi publicado e que é o seguinte:

ANEXO IV**SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:**

Nome:

Apelidos:

D.N.I.

Estado civil:

Domicilio:

Teléfono:

Data de nacemento:

SOLICITA a valoración do seu caso para a prestación do Servicio de Axuda no Fogar, conforme a normativa municipal de aplicación deste servizo.

Riotorto, a ... de ... 2009.

Asdo.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO).

Riotorto, 03 de setembro de 2009.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoia.